

Cando hai xa oito anos entramos na dirección da Federación Galega de Xadrez o equipo actual, a Fegaxa chamábase Fega, “Federación Gallega de Ajedrez” e por suposto non emitía ningún documento en galego, nin era usado o galego por ningún dos seus directivos.

Hoxe, todos os escritos: regulamentos, comunicacións, material didáctico, convocatorias, publicidade e a páxina web www.fegaxa.org, están en galego. Cómpre ademais destacar o esforzo realizado por persoas que vindo de áreas da nosa sociedade tradicionalmente refractarias ao galego fixeron o enorme esforzo de reciclaxe que supón redactar textos e expresarse publicamente en galego nos actos oficiais.

Na Federación Galega de Xadrez estamos orgullosos e orgullosas do galego, orgullosos e orgullosas do noso.

José Larrosa

Vicepresidente da Federación Galega de Xadrez

DO GALEGO